



Resultados do II Trofeo Internacional de Ferrol

Os pasados 28 e 29 de xullo tiña lugar a segunda edición do Trofeo Internacional Cidade de Ferrol, que contaba probas de Cans de Parada, San Huberto e Rastro de Xabaril, sendo estas dúas últimas puntuables para a Copa Federación das respectivas modalidades.

O sábado 28 disputábase a proba de Cans de Parada no Tecor da Sociedade Venatoria 'As Pontes', II Memorial José Antonio Salgueiro e Leandro Rodríguez cun C.A.C.T. en xogo. Un total de 58 cans chegados de toda España, Portugal e suroeste de Francia participaron nesta proba que dou comezo as 9.30h da mañá. En razas británicas foi a pointer 'Ja da Chousa' do ferrolán José Sanmartín que se alzou ca victoria, mentres que en razas continentais gañou o can conducido por Eduardo Calles Casais, 'Nak de Alecrín', epagneul bretón propiedade de Carlos Vila Ramilo.



José Sanmartín Pérez coa sua pointer 'Ja da Chousa'



Álvaro Suárez Mera, gañador da proba de San Huberto

O domingo día 29 tiñan lugar as outras dúas probas, de San Huberto e Rastro de Xabaril, nos montes de Brión, sendo ámbalas dúas puntuables para a Copa Federación, e contando cunha ampla representación de figuras nacionais e internacionais.

En San Huberto, onde participaron un total de 32 cazadores, foron escasas as capturas mais foi Álvaro Suárez Mera quen tras abatir dúas perdices se alzou ca victoria, seguido de Pedro Varela Abeledo e Roberto Dopico Dopico. Por outra parte, en Rastro de Xabaril déronse cita 16 monteiros quenes a pesar do intenso calor deron un grande espectáculo.

Finalmente foi Francisco Rey Urrutia con 'Sil' o máis destacado da proba, seguido de Luis Otero Alonso con 'Brus' e Manuel López Pena con 'Oirán'.

Esta segunda edición do Trofeo remataba no Restaurante da Sociedade Urogallo cunha extensa entrega de premios de primeiro nivel en diversas categorías.



Francisco Rey Urrutia recibindo o seu trofeo